



A BATALLA DA MURADELLA: ENCONTROS E DESENCONTROS CO PATRIMONIO NUN CAIRN ATLÁNTICO (SANTA COMBA DE FORNELAS, A POBRA DO BROLLÓN, LUGO)

Xurxo Ayán Vila (Universidade NOVA de Lisboa), Rodrigo Paulos Bravo (Universidad Complutense)

*A poesía é como ese cume que ves ao lonxe,
cando o sobes e entras nel envólveite e non deixa
de facerche preguntas co seu silencio.*

Uxío Novoneyra

Poder, Estado, territorio

Nas mañás invernías o Moncai sobrancea como un buque varado entre a mesta brétema que asolaga o val de Lemos e a bacía de Bóveda-Brollón (sur da actual provincia de Lugo). Hai millóns de anos, esta mole erguíase entre as dúas masas de auga que cubrían ambas as dúas planicies. Malia a súa escasa altitude (531 m.s.n.m.), esta serra presenta unhas excelentes condicións de visibilidade e visibilización, tanto a media como a longa distancia. Desde o cimo podemos observar a Dorsal Meridiana Galega e mesmo os límites coa terra irmá do Bierzo.

O seu carácter referencial na paisaxe non pasou desapercibido a Benito Vicetto, carcereiro de Monforte de Lemos que escribiu a soada novela romántica *Los hidalgos de Monforte* (1857). Varios dos capítulos comezan co sol a saír por tras do Moncai. O fabulador ferrolán foi un representante dun recentemente nacido Estado liberal que comezaba un proceloso proceso de instauración no mundo rural, ata o daquela fragmentado na cartografía feudal do Antigo Réxime. Antes de

comezar a racional explotación económica dos recursos, a burguesía emerxente precisaba coñecer cientificamente o territorio. Un dos primeiros enviados da modernidade para comezar este labor foi o xeólogo alemán Guillermo Schulz (1805-1877), quen o venres 14 de xuño de 1833 seguiu o camiño real desde o val do Sil ata a capital de Lemos. No seu caderno de campo deixou consignado o potencial para a extracción de area e arxila das barreiras do val do río Saa e a antigüidade do complexo ordovícico do Moncai, ao seu dicir unha das serras máis antigas de Galicia, inzada de cristas de cuarcita armoricana (Schulz, 1992, pp. 95-96).




Fig. 1. Localización do sitio arqueolóxico da Muradella.

A BATALLA DA MURADELLA: ENCONTROS E DESENCONTROS
CO PATRIMONIO NUN CAIRN ATLÁNTICO (SANTA COMBA DE
FORNELAS, A POBRA DO BROLLÓN, LUGO)

Pola mesma época chegaría ao cimo deste Moncayo galego o xenial matemático Domingo Fontán (1788-1866). Desde aquí tirou os seus cálculos e fixo as súas triangulacións para cartografar esta zona do país e incluíla na súa *Carta geométrica de Galicia* (1834). No seu plano aparecen reflectidos dous detalles que amosan o seu ollo clínico para apreixar a paisaxe. O río Saa é afluente do río Cabe ao que rende as súas augas na veiga de Fornelas. O Cabe (o *Chabyllis* das fontes clásicas) no seu avance cara á bacía sedimentaria debe abeirar o Moncai polo norte, abríndose paso nunha zona de pregamentos tectónicos que constitúe o paso natural para adentrarse no val de Lemos. Aquí localízanse dous fitos na paisaxe simbólica desta terra, pertencentes á parroquia de Santa María da Parte: o castro e a ermida do San Mateo. Ambos os dous son sinalados por Fontán no seu mapa. A igrexa románica de San Mateo é o epicentro da afamada romaría que se celebra cada 21 de setembro, unha celebración que cristianiza antigos cultos prerromanos vencellados coa auga. O poboado fortificado da Parte, pola súa vez, é un exemplo soberbio de castro da Segunda Idade de Ferro (Ayán, 1997).

Pouco tempo despois, a reorganización territorial de 1845 vai empregar o cimo do Moncai como límite natural entre dous concellos, o de Monforte de Lemos e o da Pobra do Brollón. Estas entidades artificiais, alleas ata daquela á realidade galega, fan o mesmo que as centenarias parroquias de Santa Comba de Fornelas e Santa María da Parte, como xa fixeran antes as *villae* altomedievais. Xa que logo, a natureza liminar deste cumio comeza a ser sancionada polo Estado, aínda que paseniñamente. Se atendemos ao mapa de España do Instituto Geográfico y Estadístico, o territorio nacional presenta no ano 1877 unha serie de baleiros onde aínda non se instalara a rede xeodésica de *primer orden*. Un destes espazos en branco é o centro-sur da provincia de Lugo. O carácter periférico desta zona dentro do contexto xeopolítico español vai mudar coa chegada do deus da modernidade á terra de Lemos: o tren. Desde aquela, o noso monte vai acoller un vértice xeodésico, un marcador material, un mollón que simboliza o poder do Estado como axente vertebrador do territorio. A construción destes sinais foi fundamental naquela mesma época nos contextos coloniais africanos para a delimitación das fronteiras dos territorios ocupados; alá serían os propios *indíxenas* os empregados como man de obra polos topógrafos e cartógrafos procedentes das metrópoles e encargados destas exploracións delimitadoras (Jerónimo, 2024). A xeografía era un

saber-poder ao servizo da misión civilizatoria destinada á domesticación do outro salvaxe e á explotación dos seus recursos. Esta é a mesma lóxica estruturante seguida polo Estado liberal español nos territorios rurais internos. A destrución dos sinais territoriais ancestrais levaba parella a desacralización da terra e a súa fragmentación científica (Henriques, 2024). Contra a apropiación simbólica labrega da paisaxe, a técnica cartográfica permitía o coñecemento científico da terra. A construción científica do territorio acompañou o desmantelamento da autonomía das comunidades locais, insertas en novos modelos de organización social (non recoñecemento das parroquias e creación de concellos e partidos xudiciais).

No norte de África os franceses crearon Brigadas Cartográficas que foron copiadas polo Estado español. Así pois, na época da Segunda República (ano 1934) unha destas Brigadas Cartográficas levou a cabo un detallado deslinde do límite entre os anteditos concellos de Monforte de Lemos e A Pobra do Brollón. A documentación oficial describe deste xeito o mollón número 6:

Se encuentra situado en lo más elevado de la Sierra de Moncay que es el extremo N.O. de la misma Sierra y en su divisoria de aguas. A unos seis metros al S.E. de una gran hoyo y a unos treinta metros al N. del vértice geodésico de segundo orden denominado Moncay, cuya señal se encuentra actualmente en estado ruinoso.

A *gran hoyo* á que se refiren os topógrafos é, sen dúbida, un amoreamento circular de pedras de cuarcita, coñecida polos habitantes da parroquia de Santa Comba de Fornelas (A Pobra do Brollón) como A Muradella. Pola súa vez, o vértice xeodésico en ruínas foi reconstruído por *indíxenas*, isto é, por canteiros locais, na posguerra.

Como estamos comprobando nesta pequena recensión historiográfica, nos tempos de antes, coas súas crebas e continuidades, o Estado aparecía no rural de cando en vez para secuestrar temporalmente un veciño levándoo ao servizo militar, para erguer vértices na serra ou para poñer orde no parcelario minifundista. Na década de 1990 a actualización do catastro funcionaba deste xeito. Cada certo tempo, na sede da cámara agraria da Pobra do Brollón, uns técnicos vidos de Lugo espaxaban por unha táboa longa e grosa as láminas sobadas do voo americano de 1956. Aquilo era unha feira. Non había mulleres: a cartografía era poder, e a fotoin-

terpretación era cousa de varóns, malia que fosen anal-fabetos. Os vellos, con chaqueta e pluma no peto, ao estilo de fin de mes cando ían cobrar a pensión, facíanse acompañar do fillo ou o neto urbanita e estudado para identificar as propiedades. A bolsa de Wall Street ou de Madrid era moi semellante, salvando a ausencia de teléfonos. Nese caso, os Panoramix das parroquias estaban moi cotizados, a falta de Google Earth ou SIX-PAC. Eu (X.A.V.) fora alá contra o ano 1994 canda meu pai Xulio á pescuda da herdanza da Habanera, uns eidos que ficaran na partilla para o meu pai. Andando á rebusca, como na feira de Valença do Minho, dei cunha fotografía que me chamara moito a atención: nela vía-se un círculo abrancazado perfecto no cumio do Moncai (fig. 2). Tres anos despois daquel achado fotográfico casual, nun día solleiro, alá subín con Xulio. Eu estaba a facer un traballo no terceiro curso de Historia na USC sobre os castros da Pobra do Brollón (Ayán, 1997). Non había un só piñeiro e lembro a nosa sorpresa, naquel círculo desde o que se vía o mundo todo. Nese intre de éxtase, decatámonos de que se rematara o carrete Kodak da miña cámara Werlissa.




Fig. 2. A Muradella no voo americano de 1956-1957.

Sen dúbida, o rapaz norteamericano que pilotaba o avión desde o que se tirou esta fotografía de 1956 (fig. 2) tivo que fixarse nese círculo tan nítido no medio e medio do ermo do cumio do Moncai. Neses anos aínda estaba vixente o réxime agrario tradicional. As terras de labor non só se concentraban no fondo do val, senón que se espallaban por toda a aba oriental. No monte botábase pan, isto é, centeo. Os anos da fame da posguerra e a presión demográfica fixeron que se traballase ata o último centímetro de terra. Mais nese intre do paso da autarquía ao *desarrollismo* algo comezaba a mudar. Novos e non tan novos de Fornelas e de Rairos foron dos primeiros en marchar a Suíza, a unha emigración ilegal nos comezos. Daquela tamén comezou o boca-ouvido dun destino que marcaría para sempre o futuro desta zona de Galicia: Venezuela. Fran-

cia tamén foi o punto de chegada da xente de Fornelas. Esta emigración, ano a ano, década a década, deu lugar ao proceso de baldeirado demográfico, á mudanza nos usos racionais do solo. O Estado franquista aplicou un duplo modelo de depredación do territorio. Por unha banda, promoveu a repoboación forestal (Millán, 2024), feita en gran medida con prisioneiros políticos do campo de redención de penas do Courel. Por outra banda, deseñou un plan de colonización do Val de Lemos, coa construción do encoro de Vilasouto e unha rede de irrigación con regos e canles de rega. A xente maior que ficou centrouse na horticoltura a rente da casa e na gandaría orientada á industria láctea. As graxas e os transformadores de Fenosa foron os símbolos materiais desta modernización do rural que crebaba o modelo de autosubsistencia tradicional. A aba oriental do Moncai foi abandonada e ocupada polo monte baixo. Pola súa vez, a repoboación forestal converteuse no destino *natural* destes espazos montesíos (fig. 3).



Fig. 3. Fotografía aérea da Muradella tras a limpeza biótica e durante a escavación arqueolóxica (imaxe: Manuel Gago).

Aquel modelo extractivista fascista perdurou ata hoxe. A comezos do século XXI os piñeiros rodearon aquel círculo de pedras, camuflado entre unha morea de fentos, e abeirado por un cortalumes que non rematou con el porque os paisanos da Parte e de Fornelas sabían de sempre que era aquel unha sorte de mollón que viña da noite dos tempos. Testemuña muda desta transformación radical da paisaxe, A Muradella sobreviviu aos *bulldozers* do Plantacioceno (Casado, 2024) pola súa condición de límite entre comunidades. Contra 2010 aínda se podía ver todo o val de Lemos e reproducir en parte a percepción que os construtores (quenquera que fosen) da Muradella tiñan naqueles tempos idos (fig. 4).



Fig. 4. Excursión de nenos de Fornelas ao vértice xeodésico do cimo ermo do Moncai. Ano 2010. Entre eles, Iago López Enríquez, con 10 anos de idade. En 2022 foi o deseñador da imaxe de marca e do logo do proxecto de arqueolóxico da Muradella (arquivo de Beatriz Rodríguez Rodríguez).

A paisaxe vivida

La conceptualización de los megalitos como simples “sepulcros” o “enterramientos” de cronología prehistórica no hace justicia a la compleja superposición de fases, construcciones, usos, re-utilizaciones y asociaciones contextuales y paisajísticas que muchos de ellos presentan como lugares de control y manipulación del tiempo, el Pasado y los antepasados, lugares de profunda significación ideológica, religiosa y política para sociedades que, generación tras generación, tenían en ellos un referente cultural: verdaderos memoriales culturales.

(García, 2008, p. 44).

En agosto de 2018 o noso equipo arqueolóxico desembarcou por vez primeira na parroquia de Santa Comba de Fornelas, da man da Asociación para la Recuperación de la Memoria Histórica (ARMH)¹. Unha muller solicitara axuda á ARMH para atopar os restos de seu avó Gervasio González Rodríguez (1883-1936), republicano, socialista e emigrante nos Estados Unidos, que fora paseado por falanxistas en setembro de 1936. Resi-

dente en San Clodio (Concello de Ribas de Sil, Lugo), Gervasio foi asasinado a rente da estrada Nadela-Campos de Vila, nunha paraxe coñecida como O Decimal. Ao estar en territorio de Fornelas, foi soterrado nunha foxa común dentro do camposanto desta parroquia (Ayán, 2021b, pp. 104-109). Un veciño foi cómplice deste *paseo* e iso ficou no imaxinario colectivo como unha mancha para a comunidade. Neste contexto, a exhumación converteuse nunha sorte de *performace* catártica. A veciñanza implicouse moito con María José, a neta de Gervasio, coa angueira de transmitirle a tradición oral e o apoio na procura do seu ser querido (Ayán, 2023, pp. 80-82). O traballo etnoarqueolóxico serviu para facermos pública a paisaxe traumática da represión, un patrimonio incómodo, mais tamén para apreixar camadas máis afastadas da microhistoria local, como a súa propia orixe.

O cemiterio de Fornelas atópase á marxe dos barrios habitados, nunha paraxe preto da antedita estrada. A enquisa etnográfica desenvolta forneceu datos relevantes sobre este espazo simbólico. A rente deste camposanto atópanse as ruínas da antiga casa reitoral, o vello cemiterio e o soar onde estaba situada a igrexa medieval. Como parte do conxunto, consérvase a coñecida como Fonte da Santa. Veciños como Manolo Ayán ou *O Mixo* relatáronnos todo un mito de orixe. Antigamente, a poboación estaba aquí, pero unha invasión de formigas obrigou a trasladala á súa localización actual, onde se ergueu na década de 1910 o actual templo parroquial. Esta lenda, como é habitual nestes lares (Ayán, 2022), o que está a facer é marcar o lugar da memoria primixenia da comunidade. Nesta paraxe cómpre situar a vila altomedieval de *Fornellas*, mencionada xa no ano 847 na delimitación do couto xurisdiccional do mosteiro bieito de San Vicenzo do Pino (Ferreira, 1988, p. 225). Esta vila dá orixe á parroquia na época plenomedieval, que segue baixo a advocación de Santa Comba, mártir de fonda devoción en Galicia. A Fonte da Santa refírese a ela e tamén outra lenda que puidemos recoller do bico da veciñanza e que serve para explicar o pequeno tamaño da parroquia. Seica botaron unha carreira San Xurxo (patrón da veciña freguesía de Eixón) e Santa Comba para arranxar os límites. A pobre da santa, coxa, nada puido facer co santo rival, que ía a cabalo. A santa eivada ocupa un posto de privilexio no retablo da igrexa canda outras advocacións veneradas, como o Santiago Apóstolo e a Santa Bárbara.

¹ *Proyecto de intervención arqueológica. Localización y exhumación de una fosa común situada en el cementerio de Fornelas (A Pobra do Brollón, Lugo)*, dirixido por Serxio Castro Lois (ARMH) e coordinado por Marco González (ARMH) e Xurxo Ayán (proxecto arqueolóxico do castro de San Lourenzo).

Esta investigación etnoarqueolóxica, iniciada en agosto de 2018, foi retomada polo noso equipo catro anos despois, en xullo de 2022, no proxecto de escavación arqueolóxica da Muradella (Paulos, 2023). A convivencia e colaboración estreita cos membros da Comunidade de Montes e da Asociación de Veciños Fonte da Freita de Fornelas foron fundamentais para comprendermos o papel do Moncai na paisaxe rural tradicional, pero tamén a propia historia de vida do monumento, a súa biografía como memorial cultural (Holtorf, 1998, García, 2008; Martínón, 2008). Antes de dar comezo os traballos, preguntamos aos veciños sobre A Muradella, e non se poñían de acordo sobre a súa antigüidade e función. Para algún, era un observatorio de cando a Guerra Civil española, pero ninguén sabía nada con certeza, ata que José Luis Ayán comentou, sen darlle importancia, este pequeno detalle:

Alí arriba o que si hai, no Moncai, hai un castillo, que fixo o teu avó, entre outros. Hai varios, hai outro na Mioteira e outro en Augalevada.

Cando me contou isto, eu fiquei pampo. Eu sabía que o meu avó materno, *O Corenta* era bo poñendo coios, pero tanto como para facer un castelo... Na mesma liña escéptica se posicionou Seve, o presidente da Comunidade de Montes de Fornelas:

Cando era rapaz díxéronme na casa que no cimo do Moncai había un castillo e claro, eu ía convencido de que alí toparía con algo parecido ao castillo de Monforte, e mira ti por onde, non tiña nada que ver, aquela cousiña de nada.

Do mesmo xeito que o romántico Vicetto ambientaba o seu romance no castelo de Monforte, o símbolo do poder feudal do conde de Lemos, a veciñanza de Fornelas definiu de maneira moi acaída o vértice xeodésico como un castelo². Velaí a duplicidade de realidades materiais. Dunha banda, A Muradella secular, fito simbólico e liminar na paisaxe e, doutra volta, a metáfora en cuarcita armoricana e cemento da implantación do Estado, dunha lóxica euclidiana que triangula, topografía, parcela e debuxa curvas de nivel imaxinarias sobre un milenario enclave agrario. Os e as máis vellas da parroquia puxeron voz a esa fotografía do voo america-

2 Na visita á nosa escavación arqueolóxica na Muradella en xullo de 2022, o neno Alejandro Otero López, de 10 anos, de Cereixa, ao ver o fuste cilíndrico do vértice xeodésico, preguntou: “E este cruceiro quen o fixo, un canteiro vago que non quería traballar?”

no de 1956. O monte comunal era fundamental para a subsistencia das casas labregas, para a obtención de leña para o inverno e de toxo para o estrume empregado como fertilizante natural. O substrato rochoso e o solo lixeiro do Moncai facían que no vello sistema labrego esta terra servise para o cultivo extensivo de centeo (fig. 5). Empregábase para iso unha tecnoloxía que pouco distaba dos métodos de roza e queima (estivadas) das comunidades neolíticas. Estes labregos con ciencia rompían a terra cun pico cavador (o furón), elaborado polos ferreiros artesáns locais, clareaban os terreos e ían ás tolas, facer carbón vexetal con codesos, uces e piornos. Toda esta cadea técnico-operativa (romper, bouzar, queimar, ir ás tolas, sementar, segar) exixía moita man de obra, de aí que as familias campesiñas adoitasen ser numerosas, como se comproba coa consulta do Catastro de Ensenada de mediados do século XVIII.



Fig. 5. Procesión nas festas patronais de San Pedro de Cereixa (fins da década de 1950). Ao fondo, O Moncai, coa aba oriental traballada a pan e o cumio de monte baixo (arquivo de Carlos Macía).

Doutra volta, os veciños de Fornelas afirman que A Muradella estaba no seu territorio e que, de feito, o límite coa parroquia da Parte se atopaba máis ao W, xa que traballaban as terras coñecidas como Os Fornos, pasada a Muradella. Esta referencia espacial coincide co límite sinalado no Interrogatorio do Catastro de Ensenada, onde se fala do mollón de Tras da Serra, polo que se localizaría, polo menos, no inicio da caída occidental do Moncai, alén da divisoria de augas. No tocante á enigmática estrutura da Muradella, o testemuño clave foi o da veciña Dolores Ayán, que nos transmitiu

os contos da súa avoa. Segundo ela, na Muradella aparecía unha mouroa cunha galiña con pitos de ouro na noite de San Xoán e que no centro da Muradella había unha gran pedra plana onde bailaban as crianzas cando os avós facían a seitura do centeo. A figura de mouroa é un clásico dentro do folclore galego vencellado con sitios arqueolóxicos (Aparicio, 1999, Llinares, 2012) e mesmo actúa como axente mítico sinalizador de espazos pagáns liminares (Llinares e Vázquez, 1990). A presenza desa gran pedra é un indicio que encaixa ben co que documentamos tanto na tradición oral como na escavación arqueolóxica de xullo de 2022 (Paulos e Ayán, no prelo) (fig. 6).



Fig. 6. A Muradella. Obsérvase o cono de violación que desmantelou a posible cámara megalítica e a entrada habilitada no NW para evacuar os ortóstatos cun carro de bois (figura de Manuel Antonio Franco Fernández).

O lume inesquecible ou unha arqueoloxía no límite

No ano 2022 o noso equipo decidiu levar a cabo un proxecto³ de arqueoloxía comunitaria para desvelar o misterio da Muradella. De acordo coa documentación oficial en materia de patrimonio e co catastro, este xacemento (GA27047090) atópase dentro do concello da Pobra do Brollón, razón pola que solicitamos o preceptivo permiso á Comunidade de Montes de Fornelas e deseñamos, coa Asociación Fonte da Freita, a campaña de escavación e o programa de actividades de socialización do patrimonio. Contamos aquí con dous

3 Escavación arqueolóxica na Muradella (Santa Comba de Fornelas, A Pobra do Brollón, Lugo), dirixida por Rodrigo Paulos Bravo e autorizada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia. Expediente 02.L.548.2022.001. Proxecto promovido pola Asociación de Veciños de Cereixa María Castaña, no marco da conmemoración do Bicentenario do Concello de Cereixa (2021-2023).

antecedentes: Xulio formara parte do equipo de fútbol na década de 1970 (O Force, acrónimo de Fornelas-Cereixa) e, como xa dixemos, o noso equipo participara na exhumación levada a cabo catro anos atrás. De non ter gañado a confianza da xente e de non ter procurado esa foxa de 1936, xamais teríamos chegado á Muradella (Ayán, 2023). Nós levamos anos apostando por unha verdadeira arqueoloxía pública (Ayán, 2021a) que integre as comunidades e garanta a transmisión en tempo real da información a través das redes sociais e os *mass media*. Con este enfoque chegamos a Muradella en xullo de 2022... e comezaron os problemas.

En primeiro lugar, o destino quixo que os traballos se iniciasen á par do incendio máis brutal desencadeado en toda a historia de Galicia. Unha treboada eléctrica causou un lume nas veciñas montañas do Courel que rematou por converterse no primeiro lume de sexta xeración en Europa. Desde o cumio do Moncai enxergabamos o avance dramático das lapas, mentres o sol se cubría e unha chuvia de faíscas caía lenemente sobre nós. O bruar continuo dos hidroavións e os helicópteros xeraba unha sensación perenne de catástrofe. E así foi. Algunhas aldeas sucumbiron ao fogo mentres outras eran evacuadas *in extremis*. O colexio público da Pobra habilitouse para acoller a poboación desprazada. A Muradella, rodeada pola súa vez de piñeiros, parecía lembrar que a seguinte vaga de incendios podería desatarse nesta dorsal da serra de Lamas, Rairós e Moncai, toda ocupada pola repoboación forestal e alterada pola apertura de cortalumes a base de *bulldozers*.

Pero co que non contabamos era cos problemas derivados da natureza limítrofe da Muradella. Como adoita acontecer en Galicia, moitos sitios arqueolóxicos son utilizados como límites territoriais polas comunidades campesiñas (Santos *et al.*, 1997). Esa é a principal razón da súa propia supervivencia. En moitos casos, os túmulos megalíticos, coñecidos aquí como modorras, son mollóns rexistrados na documentación medieval (Martínón, 2001). E A Muradella non é unha excepción. Está vencellada ao límite na divisoria de augas entre Santa María da Parte e Santa Comba de Fornelas. E cada comunidade, como suxeitos políticos colectivos, ten os seus propios intereses e o seu modelo de explotación do territorio. A xente da Parte apostou desde a década de 1980 pola repoboación forestal extensiva a base de piñeiros. A Muradella sobreviviu de milagre. O amoreamento de pedras impediu que medrasen estas árbores, e a súa inclusión en 1997 no inventario de xacementos arqueolóxicos favoreceu, mal que ben, a

súa preservación (fig. 7). Malia os esforzos do Estado desde a década de 1840, os límites no cimo do Moncai non están claros. Na cartografía oficial ningún lindeiro coincide, nin os das parroquias, nin os dos concellos, nin os dos montes comunais. Esta realidade amosa ás claras o que é a Galicia rural, un territorio ingobernable onde en certa medida fracasou a modernidade⁴.



Fig. 7. A Muradella antes de comezar os traballos arqueolóxicos
Imaxe: Carlos Rueda.

Apenas comezados os traballos, o garda forestal do distrito de Monforte de Lemos avisounos de que o presidente da comunidade de montes da Parte ameazaba con denunciarnos se continuabamos a escavación, xa que argumentaba que A Muradella estaba no monte comunal deles⁵. A pesar de tentar contactar con el (e

4 A conflitividade entre comunidades de montes está á orde do día. Nos últimos tempos, nós mesmos temos asistido como peritos a litixios por límites nesta zona da Pobra do Brollón, por mor da repoboación forestal, do alugueiro de soares para a instalación de antenas de telefonía ou do trazado de infraestruturas viarias. Neste contexto, o Catastro de Ensenada e os túmulos megalíticos son mobilizados no presente como probas materiais, con éxito dispar. Sobre isto, en clave sarcástica, aconsellamos a lectura do capítulo “De medorra en medorra” do libro *Herdeiros pola forza* (Ayán e Gago, 2012, pp. 151-154).

5 Polo que puidemos comprobar, A Muradella unicamente aparece como integrada na parcela do monte comunal da Parte na carpeta ficha dos montes comunais en man común. Segundo contan os veciños de Fornelas, na década de 1980 membros da Comunidade de Montes (sen ser aprobado en asemblea) asinaron certos documentos por intermediación do ICONA nos cales supostamente se arranxaría un acordo para levar o límite ao cortalumes. Sexa como for, este troco dos lindes históricos non pasou á cartografía oficial manexada nin moito menos ao catastro. De feito, o xacemento aparece no Inventario como pertencente á parroquia de Fornelas, concello da Pobra do Brollón.

non sermos recibidos) e de actuar a Garda Civil como intermediaria, non puidemos amosar a nosa boa fe e a nosa dispoñibilidade a negociar. Comezaba a *batalla* da Muradella, un exemplo paradigmático das disonancias e conflitos xerados polo vencello entre arqueoloxía pública, o asociacionismo e o modelo extractivista imperante no noso país. Dúas comunidades, unha Muradella e un equipo de arqueólogos fracasados. A Muradella, que ata ese mesmo intre non interesara a ninguén en décadas, converteuse no soporte simbólico dunha loita de intereses, de dous modelos antagónicos:

Por unha banda, temos o presidente da comunidade da Parte, que considera o patrimonio un problema para o progreso. O sitio arqueolóxico é un estorbo para a repoboación forestal, que é o que xera cartos, e rápidos. Mais tamén é o que explica a vaga de lumes estivais en Galicia.

Por outra banda, temos a comunidade de Fornelas, consciente de que A Muradella foi sempre deles, e que sente o xacemento como un referente identitario e un posible recurso económico para o futuro inmediato, como así acontece noutros contextos europeos (Krzemińska *et al.*, 2018).

Finalmente, tivemos que chamar a Garda Civil, que concertou unha visita *in situ* na Muradella para levantar acta do que estaba acontecendo. Ninguén da Parte quixo falar connosco nin presentarse alí, ata hoxe. O acordo coa Benemérita implicou apurar a escavación na fin de semana, gañar o tempo suficiente para extraer mostras, levar a cabo a prospección magnética da contorna e tapar e abandonar o lugar no prazo de catro días. A escavación permitiu desestimar a hipótese de que A Muradella fose unha castronela medieval, e si un megálito tipo *cairn*, ergueito no Neolítico Final contra o 2800 cal BC (Paulos e Ayán, no prelo) (fig. 8). Cando rematamos de tapar a escavación, os codirectores matinabamos sobre o futuro do xacemento. Paradoxalmente, ao demostrarmos a natureza antrópica da Muradella, ao fundamentarmos a súa excepcionalidade e ao sinalarmos o perigo de destrución que corre, estabamos prexudicando os intereses económicos da comunidade da Parte. Así pois, a localización dun posible asentamento prehistórico na contorna, co gallo da prospección magnética, incrementará o perímetro de protección da área arqueolóxica, o que impedirá a plantación de piñeiros nunha superficie xeitosa. Despois de 25 anos traballando en arqueoloxía comunitaria, ao servizo das comunidades, crendo firmemente no

empoderamento patrimonial, vímonos como Lois XIV exclamando no *cairn*: *Somos o Estado!* Nunca pensamos reclamar a nosa autoridade científica deste xeito. Todo un exemplo da insoportable levedade do ser arqueólogo comunitario (Ayán, 2025).



Fig. 8. Fotografía cenital da Muradella na fase final da escavación arqueolóxica (imaxe: Manuel Antonio Franco Fernández).

Un proxecto de vertixe

Este proxecto de arqueoloxía pública e ciencia de aldea artellouse a partir dunha estratexia clara de comunicación científica. Xogamos desde o comezo coa natureza misteriosa da Muradella e nos meses precedentes achegamos as dúas hipóteses de partida tanto á prensa como á comunidade local: castronela medieval ou sitio prehistórico? (Gago, 2022a, Albo, 2022a). O xogo animou a cidadanía e comezou a chegarnos información da poboación local e mesmo documentación orixinal, como as fotografías aéreas tiradas polo fotoxornalista Carlos Rueda. Tamén botamos man do talento dentro da propia comunidade. O mozo lago López Enríquez deseñou a imaxe de marca e o logotipo do proxecto. Iago era un dos nenos que posaban fachendosos no vértice xeodésico (perdón, *castillo*) do Moncai en 2010.

A escavación arqueolóxica abriuse ao público e organizamos unha ambiciosa xornada de portas abertas para o día 31 de xullo de 2022 (fig. 9). Pero a batalla da Muradella inda non rematara. Novamente, o presidente da comunidade da Parte ameazou con denunciar se faciamos a actividade *in situ*. A cancelación fixo que a comunidade de Fornelas se implicase co noso equipo. Pasamos a actividade ao centro simbólico da parroquia, a igrexa, onde impartimos conferencias tanto sobre as

exhumacións de 2020 como sobre os resultados da campaña de escavación. Unhas cen persoas ateigaban o templo. Especialmente emocionante foi a exposición fotográfica sobre as vítimas do franquismo e as charlas impartidas polas arqueólogas e antropólogas forenses Márcia Hattóri e Candela Martínez Barrio.



Fig. 9. Cartel da xornada vertixinosa do 31 de xullo de 2022 (deseño: Juan Venditti).

O compromiso da xente de Fornelas coa Muradella quedou posto de manifesto con xestos simbólicos como o estandarte confeccionado para participar na Feira Guimara da Pobra do Brollón nese mes de xullo ou a visita simbólica de toda a parroquia no peche da escavación ao berro de “A Muradella é nosa!!!”. Nos meses posteriores o impacto mediático do achado (Albo, 2022a, 2022b, 2022c, Gago, 2022b, 2023) incrementou o interese polo xacemento. O 31 de decembro de 2022, na conmemoración da padroa de Fornelas, Santa Comba, a veciñanza subiu á Muradella ao medio-

día celebrar o inmediato Aninovo para berrar de novo “A Muradella é nosa!!!” (fig. 10), como berraba aquela xente neolítica que empregaba os seus mortos para marcaren o territorio e reivindicaren a súa propiedade.



Fig. 10. Veciñanza de Fornelas celebrando a Santa Comba o 31 de decembro de 2022 no vértice xeodésico do Moncai (imaxe: Xurxo Ayán).

Uns días despois, A Muradella ocupaba o primeiro posto no *ranking* dos 10 achados arqueolóxicos máis importantes de Galicia en 2022, elaborado polo Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa (Punxín-San Amaro, Ourense). Desde aquela, por alí pasou o alumnado do Colexio Público da Pobra do Brollón e mesmo A Muradella inspirou disfraces de Entroido para a cativada da escola rural de Brantuas-Niñóns en Ponteceso (fig. 11). O proxecto foi partillado con especialistas en congresos nacionais e internacionais, con estudantes en másters universitarios e coa cidadanía na sección arqueolóxica do programa cultural *Zigzag*⁶ da TVG2.



Fig. 11. Actividade didáctica sobre o *cairn* da Muradella na Escola rural de Brantuas-Niñóns (Ponteceso, A Coruña). Imaxe: Xurxo Ayán.

Mentres non se resolta o problema da propiedade dos terreos, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, con bo criterio, non dá permiso para retomar os traballos arqueolóxicos. A *batalla* da Muradella é un bo exemplo dos paradoxos, contradicións e dilemas éticos da arqueoloxía comunitaria practicada entre as derradeiras comunidades labregas de Europa:

Debemos, os arqueólogos, tomar partido nos conflitos entre comunidades?

Sempre é positivo alentar a concienciación patrimonial dunha comunidade en contextos de conflito?

Como divulgar un megálito excepcional que é rexeitado por unha comunidade e venerado por outra?

É a veciñanza quen debe marcar a axenda de investigación?

Debemos adoptar unha actitude científica, obxectiva e aséptica, que cumpra co mandato da Administración, ou apostar por unha arqueoloxía comprometida que intente revertir o actual proceso de depredación do territorio?

Con este artigo na revista *CROA* tentamos fornecer ao debate científico esta nosa experiencia nun megálito que non só fala do pasado, senón do futuro, como a arqueoloxía mesma. En palabras de M. Martinón Torres (2008, p. 92): *Si consideramos los megalitos como monumentos, cuyas vidas continúan, y de las que somos partícipes, no sólo abrimos nuevas vías para la investigación, sino que también plantearemos retos para las políticas de gestión del patrimonio.*



Fig. 12. Xornada de portas abertas, 31 de xullo de 2022. Conferencias na igrexa parroquial de Santa Comba de Fornelas (imaxe: Xurxo Ayán).

Coda

Case tres anos despois, A Muradella volve estar cuberta por unha camada mesta de fentos, ameazada pola maquinaria que segue abrindo cortalumes na contorna. Aínda non se chegou a un acordo de lindes entre comunidades de montes. A modernidade fixo o seu traballo e os límites históricos pola divisoria de augas son abandonados para adoptar os cortalumes como fronteira. Non obstante, o lume inesquecible do verán de 2022 levou o medo á veciñanza rural, que xa non comunga co modelo extractivista do territorio. Neste último ano a Comunidade de Montes de Fornelas acaba de limpar toda a aba oriental do Moncai para plantar arborado autóctono, un cinto defensivo natural e un legado para as novas xeracións, alén do diñeiro rápido da repoboación forestal herdeira do ICONA franquista. E velaí está A Muradella, marcando de novo o límite entre os dous modelos.

Pola súa vez, o proxecto arqueolóxico da Muradella non fracasou a medio prazo, xa que permitiu documentar unha zona arqueolóxica inédita na Ribeira Sacra, dun valor excepcional no marco da Prehistoria recente galega (fig. 13). E todo grazas ao apoio das asociacións veciñais María Castaña, da parroquia de Cereixa, e Fonte da Freita, da parroquia de Fornelas. A experiencia inspirou outros proxectos irmáns de recuperación de sitios arqueolóxicos na Pobra do Brollón, como o círculo de Vilarello (Cereixa) (Paulos e Ayán, 2024) ou A Roda do Castro de Salcedo en 2025.

En definitiva, A Muradella fálanos de moitas cousas, pero, sobre todo, de nós mesmos. Do acaído da microtoponimia e da exactitude cirúrxica das nosas palabras patrimoniais, do poder simbólico dos límites, da arquitectura orgánica que sacraliza a paisaxe, da chegada do Estado e da modernidade. De Guillermo Schulz, de Domingo Fontán e de Benito Vicetto. Do vértice xeodésico concibido como un “castillo”, do uso tradicional e sostible do monte, de tolas, bouzas, estivadas e pan, da depredación do territorio, de todo o que arde, da microfísica do poder, dos marcos que se moven e das bestas.



Fig. 13. Recreación hipotética da Muradella e asentamento anexo. María Álvarez.

Agradecementos

Este proxecto non sería posible sen o apoio incondicional da Comunidade de Montes de Fornelas, da asociación de veciños de Fornelas Fonte da Freita e da asociación de veciños de Cereixa María Castaña. Debemos un especial agradecemento a Nerea López Enríquez, polo seu entusiasmo, a súa entrega e o seu liderado riquiño para mobilizar e canalizar os desexos festeiros da veciñanza de Fornelas. E, como non, ao Mixo, fiel gardián da Muradella e patriota de Fornelas.

6 Programas do 17 de xaneiro e do 18 de marzo de 2024.

Grazas a todos os membros do noso equipo arqueolóxico heroico: Manuel Antonio Franco Fernández, Candela Martínez Barrio, Márcia Lika Hattóri, Manuel Leiras Camino, Carlos Otero Vilariño, Rosa Martínez Valcárcel, Eduardo Alcántara Díez, Cruz Ferro Vázquez, Sonia García Rodríguez, Raúl García Rodríguez e Aitor Rodríguez Pérez.

A intervención arqueolóxica foi financiada a través dunha subvención nominativa de Cultura 2022 da Excm. Deputación Provincial de Lugo, concedida á asociación de veciños de Cereixa María Castaña.

O Instituto de Historia Contemporánea é financiado por fondos nacionais a través da FCT – Fundação para a Ciência e a Tecnologia, I.P., no ámbito dos proxectos UID/04209 e LA/P/0132/2020 (DOI 10.54499/LA/P/0132/2020).

O noso agradecemento tamén a John Jameson (ICOMOS ICIP/ICAHM; U.S. National Park Service) e Heather Sebire (English Heritage) por acoller a nosa comunicación “The battle of A Muradella (Fornelas, Galicia, Spain): conflict, communities and dissemination around and atlantic cairn” na sesión organizada por eles no 29th Meeting da European Association of Archaeologists (Belfast, 30 de agosto- 2 de setembro de 2023), baixo o título *The public interpretation and presentation of megalithic monuments and sites: challenges for a best practice*.

Bibliografía

Albo, F. (2022a). A Muradella, ¿una fortificación medieval o un túmulo megalítico?, *La Voz de Galicia*, edición Lemos, 9 de maio de 2022.

<https://www.lavozdegalia.es/noticia/lemos/a-pobrado-brollon/2022/05/06/muradella-fortificacion-medieval-tumulo-megalitico/00031651866314986508821.htm>

Albo, F. (2022b). El carbono 14 desvela la antigüedad de un monumento megalítico único en Galicia, *La Voz de Galicia*, edición Lemos, 21 de decembro de 2022.

<https://www.lavozdegalia.es/noticia/lemos/monforte-de-lemos/2022/12/21/carbono-14-desvela-antiguedad-monumento-megalitico-unico-galicia/00031671641280588226264.htm>

Albo, F. (2022c). A Muradella, un posible lugar sagrado de la prehistoria en el sur lucense, *La Voz de Galicia*, edición Lemos, 26 de decembro de 2022.

https://www.lavozdegalia.es/noticia/lemos/a-pobrado-brollon/2022/12/26/muradella-posible-lugar-sagrado-prehistoria-sur-lucense/0003_202212L26C4991.htm

Aparicio Casado, B. (1999). *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos: mitología popular gallega*. Sada: Ediciós do Castro.

Ayán Vila, X. M. (1997). *Aproximación á cultura castrexa e á romanización no concello da Pobra do Brollón (Lugo)*. TAD. Departamento de Historia I. Universidade de Santiago de Compostela.

Ayán Vila, X. M. (2021a). Myth, science and community: The archaeological project of San Lourenzo hillfort (Galicia, Spain), *Journal of Community Archaeology & Heritage*, 8(3), pp. 145-159.

Ayán Vila, X. M. (2021b). La muerte descuidada: sobre desaparecidos y (re)aparecidos de la represión fascista en la Galicia rural. En: D. Casado Neira, G. Gatti. I Irazusta & M.ª Martínez (Eds.), *La desaparición social. Límites y posibilidades de una herramienta para entender vidas que no cuentan*. Bilbao: UPV/EHU, pp. 97-110.

Ayán Vila, X. M. (2022). Unha achega á cartografía simbólica da Alta Idade Media a partir das fontes orais. Etnoarqueoloxía na Pobra do Brollón (Lugo), *Fol de Veleno. Anuario de Antropoloxía e Historia de Galiza*, 10, pp. 185-202.

Ayán Vila, X. M. (2023). Esta será la tumba del fascismo o no será. Sobre el papel que puede y debe jugar la arqueología comunitaria en las fosas comunes del franquismo. En: A. Moreno, T. Vizcaíno, Mª J. García, I. Gadea e F. Sanchis (Coords.), *Las fosas del franquismo: Arqueología, Antropología y Memoria*. València: Museu de Prehistòria/L’ETNO, pp. 69-85.

Ayán Vila, X. M. (2025). Reality bytes: The insufferable lightness of being a community archaeologist. En: R. H. McGuire e A. González Ruibal (Eds.), *Archaeology for Whom. Archaeology, Heritage and Reactionary Populism*. Miami: University Press of Florida.

Ayán Vila, X. M. e Gago Mariño, M. (2012). *Herdeiros pola Forza. Patrimonio Cultural, Poder e Sociedade na Galicia do século XXI*. Ames: 2.0 Editora.

Casado Neira, D. (2024). El pino, el lobo y el bulldozer. En: G Gatti e I. Rubio-Mengual (Eds.), *Contar el abandono. Paisajes de un mundo en ruinas*, pp. 41-58.

Ferreira Priegue, E. (1988). *Los caminos medievales de Galicia*. Boletín Auriense. Anexo 9. Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

Gago Mariño, M. (2022a). O xacemento dos dous tempos (posibles), Portal do Consello da Cultura Galega, 15 de xullo de 2022.

<https://culturagalega.gal/noticia.php?id=34052>

Gago Mariño, M. (2022b). As datacións confirman a orixe prehistórica do cairn da Muradella, Portal do Consello da Cultura Galega, 22 de decembro de 2022.

<https://culturagalega.gal/noticia.php?id=34587>

Gago Mariño, M. (2023). Os invisibles acompañantes dos monumentos megalíticos. Os arqueólogos localizan un posible hábitat fortificado ao carón do cairn da Muradella, Portal do Consello da Cultura Galega, 9 de xaneiro de 2023.

<https://culturagalega.gal/noticia.php?id=34641>

García Sanjuán, L. (2008). Muerte, tiempo, memoria. Los megalitos como memoriales culturales, *PH: Boletín del Instituto Andaluz del Patrimonio Histórico*, 57, pp. 34-45.

Henriques, I. Castro. (2024). A construção do territorio colonial: destruição de naturezas e de culturas africanas. En: I. Castro Henriques (Dir.), *Desconstruir o Colonialismo, Descolonizar o Imaginário. O colonialismo português em África: mitos e realidades*. Lisboa: Colibri, pp. 87-94.

Holtorf, C. J. (1998)., The life-histories of megaliths in Mecklenburg-Vorpommern (Germany). En: R. Bradley e H. Williams (Eds.): *The Past in the Past. The Reuse of Ancient Monuments. World Archaeology*, 30(1), pp. 23-9.

Jerónimo, M. Bandeira. (2024). A criação do ‘indígena’ e o ‘grémio da civilização’. En: I. Castro Henriques (Dir.), *Desconstruir o Colonialismo, Descolonizar o Imaginário. O colonialismo português em África: mitos e realidades*. Lisboa: Colibri, pp. 53-60.

Krzemińska, A. D.; Dzikowska, A.; Zaręba, D.; Jarosz, K. R.; Widawski, K. & Łach, J. S. (2018). The Significance of Megalithic Monuments in the Process of Place Identity Creation and in Tourism Development, *Open Geosciences*, 10 (1), pp. 504-516.

Llinares García, M.ª M. (2012). Mouras e mulleres, as imaxes femininas na mitoloxía popular galega. En: *Os mouros e as mouras, máximos, enigmáticos da cultura popular. Actas das V Xornadas de Literatura de Tradición Oral* (Lugo, 19-20 outubro 2012). Santiago: Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, pp. 61-76.

Llinares García, M.ª M. e Vázquez Varela, J. M. (1990). Señalización simbólica del territorio: la acción de los seres imaginarios. *Actas do Simposio Internacional de Antropoloxía, Identidade e Territorio*. Santiago: Consello da Cultura Galega, p. 97 e ss.

Martinón Torres, M. (2001). Los megalitos de término: crónica del valor territorial de los monumentos megalíticos a partir de las fuentes escritas, *Trabajos de Prehistoria*, 58(1), pp. 95-108.

Martinón Torres, M. (2008). El megalito ha muerto: ¡Larga vida al megalito! *PH: Boletín del Instituto Andaluz del Patrimonio Histórico*, 16(67), pp. 92-95.

Millán Pascual, R. (2024). *Arqueologías del Desarraigo: Una aproximación histórico-arqueológica a la despoblación y abandono del medio rural. Hontanillas (Guadalajara, España), c. 1050-2020*. Tese de doutoramento. Universidade do País Basco/Euskal Herriko Unibertsitatea, Facultade de Letras.

Paulos Bravo, P. (2023). *Escavación arqueológica n'A Muradella (Santa Comba de Fornelas, A Pobra do Brollón, Lugo)*. Memoria técnica depositada no Servizo de Arqueoloxía da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

Paulos Bravo, R. e Ayán Vila, X. M. (2024) O círculo de Vilarello (A Pobra do Brollón): unha fortificación do Bronce Final ou algo máis? Relatorio presentado na xornada *As rodas do Bronce Final en Galicia: entre os mortos e os vivos* (Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 4 de xullo de 2024).

https://www.youtube.com/watch?v=wl93qzqF_JQ

Paulos Bravo, R. e Ayán Vila, X. M. (no prelo). A megalithic province not so different. Northeastern Ibera. En: M.-E. Porceddu, M. Le Roy e V. Ard (eds.): *Building under and above ground during European Neolithic*. British Archeological Reports. International Series. Oxxford: Archaeopress.

Santos Estévez, M.; Parcero Oubiña, C.; e Criado Boado, F. (1997). De la arqueología simbólica del paisaje a la arqueología de los paisajes sagrados, *Trabajos de Prehistoria*, 54 (2), pp. 61- 80.

Schulz, G. (1992). *Cuadernos de campo, 2. Marzo-agosto 1833*. Sada: Edicións do Castro.